



RÍO UMA

Club de Montaña O Carroucho
www.carroucho.org

24 SETEMBRO 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:
**PARQUE NATURAL DE
A GARROTXA
9 -16 DE OUTUBRO**

| DATOS BÁSICOS | |
|----------------------|-----------------------|
| Comezo: | San Mateo de Oliveira |
| Remate: | San Mateo de Oliveira |
| Distancia lineal: | 15 km. |
| Duración aproximada: | 5 horas |
| Dificultade: | Media-Baixa. |
| Altura Máxima: | 230 m. |
| Altura Mínima: | 112 m. |
| Ascenso total: | 198 m |
| Descenso total: | 198 m |



O Río Uma é un afluínte do Río Tea parte de cuxo entorno imos coñecer nesta camiñata.



A ruta ten dúas partes ven diferenciadas que concretamente diferéncianse pola marxe do río por onde iremos, nunha dela nos conducirá por unha relaxante e suave senda acondicionada

Iniciamos o percorrido nas inmediacións do Igrexa de San Mateo de Oliveira do S. XVIII con varias remodelacións posteriores, Moi cerca un cruceiro.

En nada atoparemos xa un sendeiro que nos meterá de cheo no curso deste Río.

Como xa dixemos é un afluínte do Río Tea pola súa marxe dereita, a súa vez afluínte do Río Miño. Duns 17 quilómetros de lonxitude,



atraviesa a comarca do Condado, ao sur da provincia de Pontevedra, nos municipios de Pontearreas e Salvaterra do

Miño.

Nace na parroquia de Uma, de onde toma o nome. Está enmarcado na conca do Miño. A altitude media é de 59 metros sobre o nivel do mar. Ten varios muiños e estanques (por exemplo Poza de Cecilia en Lira). Ten un coto de pesca de 5,0 km. O límite superior establecece no lugar de Ponte Alta, no pobo de Lira (Salvaterra do Miño), e o límite inferior no encoro de Manguíña, entre A Valboa e As Covas (Pontearreas)

para desfrutar dun traxecto tranquilo e acompañado dun bosque de ribeira que presenta unha vexetación moi variada. Freixos, carballos, amieiros e outras especies nos acompañaran ao longo do percorrido. Ademais da vexetación poderemos ver algunha mostra de arquitectura popular en forma de muiños.

Pasaremos por varias pontellas, aínda recentes e por varias pequenas presas(ceñas). Unha delas desviaba antano a auga ata un canal que pasa por unha gran rocha por medio dun gran buraco.

Destacado é a Ponte do Cabalón , con tres ollos, o central de medio punto, posiblemente de orixe medieval

Veremos tamén os restos do Muiño da Cabezal e xa cruzando a estrada outro chamado de As Serras. A outra marxe pola cal pecharemos este roteiro circular xa é un pouquiño xa non tan cómodo de pasear sen, iso si supoña ningún problema para o paseo. Intentaremos chegar a estrada e a través dela dar a volta por un camiño un pelin complicado en canto ao acceso pero nada que nos e poda resolver coa nosa pericia para recuperar de nova a outra

